

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 4 DE**

### **MARZO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día catro de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e don José Antonio Baamonde López, concelleiros non adscritos.

Non asiste, con escusa, dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Proposta de aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2011**

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego, de data 3 de marzo de 2011.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que vai explicar un pouco as consecuencias da non aprobación do orzamento. Sinala que no caso de que o orzamento municipal non se chegara a aprobar, e para poder contratar as obras do ARUME, entre outras, tería que facerse unha modificación sobre o orzamento prorrogado.

Di que a achega municipal ás obras do Arume contempladas neste orzamento é de 614.325,55 euros, a das obras do POS 2011 de 79.271,46 euros e da construción do local de Protección Civil de 73.118,9 euros. En total 766.715,91 euros.

Á parte destes investimentos tampouco poderían outorgarse as subvencións nominativas e aquelas xa concedidas con carácter plurianual, como a subvención ao club ciclista Cambre, ás ANPAS para actividades, á escola de música e baile Sementeira, á asociación de clubs de fútbol, á Fundación Wenceslao Fernández Flórez, á agrupación polideportiva para o fomento do baloncesto..., que tamén necesitarían dunha modificación orzamentaria para poder concedelas.

Di que o problema destas modificacións é a forma de financiarlas, teríase que facer un crédito extraordinario ou suplemento de crédito, expedientes que aproba o pleno da corporación, e co mesmo trámite que a aprobación do orzamento, e para financiarlas habería que dar de baixa outros créditos no orzamento prorrogado, utilizar o remanente de tesourería para gastos xerais, no caso de que o houbera, que en todo caso non se saberá ata principios do mes de abril, ou ben acudir a unha operación de préstamo que dada as limitacións da Lei de estabilidade orzamentaria, só podería ser de 487.028,45 euros, polo que resultaría insuficiente para a totalidade da modificación necesaria.

Conclúe dicindo que, ademais, están as cantidades que perderían de subvencións, serían transferencias da Deputación para o POS e Protección Civil, 580.064,97 euros, do Plan Arume, 1.433.426,29 euros. Outra subvención complementaria que hai da Deputación de 199.000 euros, a subvención para a Casa da Cultura por parte da Deputación de 800.000 euros e neste mes saíu tamén outro novo plan europeo que financiaría 1.500.000 euros. O total das subvencións que se perderían sería de 4.012.491,26 euros.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o PP ten que comezar dicindo que é inaudito que nun pleno extraordinario para aprobación dos orzamentos, en lugar de que o concelleiro responsable do departamento lles explique as bonanzas do seu orzamento, as vantaxes de que o voto favorable dos outros grupos axude a facer cousas, como di, é inaudito que o planteamento que faga é falar do que pasaría se non se aproba. Di que é asombroso, e pregunta que se todo o argumento que ten o Sr. concelleiro para conseguir o voto da oposición, é falar do que pasaría se non se aproba.

Di que están en marzo, e este ano resulta que ten consecuencias enormes que non se aprobe o orzamento en marzo, cando o ano pasado o aprobaron en agosto. O ano pasado o PP xa lles dixo que tiñan que aprobalo moito antes, preguntaron e preguntaron, en xaneiro, en febreiro, ..., aprobárono en agosto e non pasou nada. O ano anterior igual, en xullo, e tampouco pasou nada. E este ano, que hai eleccións, que saben que o Sr. alcalde non vai repetir, saben que o primeiro tenente de alcalde non vai selo, este ano entroulles a présa, e teñen que explicarlles por que, que é o que hai escondido aí para que o equipo de goberno teña ese interese asombroso en aprobar os orzamentos.

Di que o normal sería que lles explicaran as bonanzas do orzamento para acadar o seu apoio, pero en lugar diso o que fan é, como de costume, non contar coa oposición, polo menos co PP, a eles non os chamaron, non lles dixeron nada. O pouco que saben do orzamento non lles gusta, como de costume. O propio goberno di que son continuístas, e

efectivamente son continuístas, o que fixeron foi un calco. Falta o diálogo coa oposición, iso tamén é continuísta, é o de sempre, co PP non faláron, entre outras razóns porque sabían que non ían convencelos, xa que esta forma de traballar non é a que lle gusta ao grupo municipal do PP.

Falan da Casa da Cultura, o principal investimento, e o PP bota de menos onde está esa subvención tan famosa que o Sr. alcalde repetiu ano tras ano de 800.000 euros, eles non a ven, probablemente poderán explicarlles onde está. Di que o seu grupo xa manifestou claramente que no está disposto a que se retire o diñeiro destinado ao río Mero para destinalo á Casa da Cultura, polo tanto o equipo de goberno sabía perfectamente que desa forma non ían contar co apoio do PP.

Tamén destinaron unha parte do POS a financiar outro tipo de facturas. Di que é curioso que noutros concellos o PSdeG-PSOE puxo o grito no ceo cando alcaldes do PP fixeron iso, e en cambio en Cambre faise e non se comenta nada.

En canto aos ingresos, a partida de ingresos tamén é continuísta, e di continuísta no sentido de que hai uns ingresos presupostados previstos, que non se cumpren en anos anteriores e, este ano, evidentemente, coa situación actual, da que posiblemente os concelleiros do equipo de goberno non son conscientes, pero hai unha situación económica real, na rúa, de necesidade, de falta de ingresos, e tampouco se van a acadar os ingresos previstos. Se en anos normais xa non era posible, que dicir deste ano 2011.

Explica que os orzamentos da Xunta de Galicia, por exemplo, redúcense nun 12%, porque son realistas. No Concello de Cambre como o único interese é aprobalos, por razóns que eles descoñecen, aprobalos agora, sabendo que non van gobernar, non son orzamentos realistas, hai un fondo que o seu grupo non é capaz de ver.

Conclúe dicindo que, en todo caso, como a intervención do Sr. concelleiro de Facenda foi moi pobre, supón que terá que melloralala e, en principio, vai deixar o tema aí, despois da segunda intervención, onde talvez lles dea unha explicación máis convincente, poderán dicir algo máis.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que da exposición do responsable de Facenda sacan en conclusión que é unha exposición en negativo, prevendo un pouco xa o que pode resultar desta votación, e unha vez máis acentúa a súa desconfianza nesa exposición que fai tan negativa.

Di que a menos dun mes para a convocatoria dunhas eleccións municipais preséntanlles uns orzamentos nun contexto difícil, marcado por unha situación de desgobierno, e cun goberno en precaria minoría, e acentuado por unha situación de crise económica e social na que están vivindo nestes momentos. Pretenden aprobar este documento, que para o seu grupo, deixando a un lado o que é o proxecto Arume, é decepcionante no tema político, uns orzamentos, como se dixo, continuístas no económico e, se se quere, incluso restritivos no social.

Son uns orzamentos, como dixo antes, dirixidos ao proxecto Arume e, por certo, segundo información dun responsable do goberno nas comisións informativas, aínda, a día de hoxe, non existe unha confirmación oficial do aprazamento no tempo para poder executar os proxectos, que, ao seu modo de entender, supoñen ou poden supoñer un problema bastante importante.

Di que están convencidos de que sería case imposible que se deran ocasións tan lamentables como as vividas na aprobación de documentos orzamentarios en anos anteriores, pero teñen que darlle a razón a quen di que calquera situación mala é susceptible de empeorar. Neste caso debería recoñecer este goberno a súa culpa, o nefasto fracaso, e as súas posibles consecuencias.

Continúa dicindo que dende EU-IU poden analizar e contextualizar en máis ou menos catro ou cinco puntos, as profundas discrepancias que teñen para a aprobación destes orzamentos. Xa se dixo aquí que se lles entrega un documento dunha trascendencia de tanta importancia para Cambre unha semana antes da celebración do pleno. Este aspecto, evidentemente, imposibilítalles poder facer unha análise, un estudo responsable, como debe ser, do diñeiro que se vai investir dos cidadáns de Cambre. Ademais, en ningún momento se lles consulta ou se pregunta a opinión do seu grupo, e cre que do resto da oposición, sobre os prazos de presentación dese documento. Hai unha falta de participación e información previa, limítanse a dar cumprimento a cuestións formais. Non existe información nin participación no proceso de elaboración, non se celebra ningunha xuntanza onde poidan achegar ideas ou definir posicións. Non houbo diálogo entre goberno e oposición, e ten que dicir que estes orzamentos, ao final da lexislatura, son os orzamentos menos participativos que existiron en Cambre, tanto como están falando e pendentos de aprobar un Regulamento de participación cidadá, son os menos participativos.

Tamén está a falta de confianza no alcalde e no seu grupo de goberno. Di que sempre tiveron claro, e o tempo por desgraza para Cambre deulles a razón, a dificultade dos distintos gobernos desta lexislatura para aprobar e executar calquera orzamento, xa que dificilmente se pode gobernar cando no propio goberno son patentes as divisións na súa organización.

Outro aspecto é a falta de tempo para executar os orzamentos no que queda de lexislatura. Non é serio nin ético que un grupo de goberno sen ningunha posibilidade de continuidade na seguinte lexislatura intente aprobar uns orzamentos nos que estarían hipotecando e condicionando a capacidade de manobra e xestión do goberno da vindeira corporación, coa que teñen, polo menos, a obriga moral de permitirilles que elaboren e aproben uns orzamentos cos que poder comezar a traballar en función das súas propostas electorais. Como xa se dixo aquí, cre que foi o ano pasado cando os orzamentos se aprobaron no mes de agosto, e non pasou absolutamente nada.

Por último se lles pide que apoiem un documento que presenta e defende un grupo de goberno integrado por catro concelleiros non adscritos. Todos saben que, con anterioridade nesta lexislatura, o grupo municipal de EU-IU decidiu non permitir que ningún concelleiro que abandonase o grupo no que concorreu nas pasadas eleccións, e dentro do cal foi elixido, co seu voto tomar decisións que afecten dun xeito importante ao funcionamento do concello, e que non inflúan na xestión municipal para redacción de acordos que incidan na gobernabilidade local e no réxime de funcionamento da corporación. Polo tanto, é moi fácil entender que por coherencia e responsabilidade co acordo adoptado pola súa organización en relación co Pacto antitransfuguismo, non deben apoiar este documento.

Continúa dicindo que ante este panorama é fácil entender que a situación do goberno en Cambre, non é a máis idónea nin a máis estable, ou cando menos poden considerala estraña, non merecendo o apoio por parte do grupo de EU-IU, o cal non defende nin defenderá a actual xestión, nin moito menos esta maneira de gobernar. Ante esta situación que consideran irregular, non poden nin deben apoiar calquera iniciativa, e sobre todo un documento como o que están debatendo, que presenta un goberno no que se integran catro concelleiros non adscritos. De facelo, entende que o seu grupo estaría contravindo as directrices que lles marca o Pacto antitransfuguismo, que como organización política asinaron xunto con todos os grupos parlamentarios, e que o subscribiron co único obxectivo, precisamente, de minimizar ou extinguir na medida do posible, situacións como a que agora mesmo se está producindo no Concello de Cambre.

Conclúe dicindo que, por todo o exposto, e porque pensan que a día de hoxe este documento non é a mellor opción para Cambre, o grupo de EU-IU decide non apoialo e, por suposto, votar en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el cre que xa está practicamente dito todo polos outros voceiros que lle antecederon, simplemente quere dicir que un goberno municipal que veña aquí para aprobar un orzamento argumentando as consecuencias da non aprobación, parécelle lamentable. Nunca, en 24 anos que leva aquí, viu semellante cousa. O ano pasado aprobaron os orzamentos á súa maneira, dende o seu punto de vista cunha prepotencia total e absoluta, pasando de todo o mundo. Loxicamente este ano xa nin sequera se dirixiron a ninguén da oposición para presentalos, para falar do tema, e pretenden aprobalos a principios do mes de marzo, cando tradicionalmente en Cambre sempre se aprobaron en torno ao verán, nos meses de xuño, xullo ou agosto, e funcionaba todo igual, é dicir, as asociacións cobraban as subvencións igual. Incluso houbo un ano no que para que as asociacións fosen un pouco máis ao día, se duplicou a asignación, porque ía moi, moi atrasada. Ese ano moi ben, pero dende ese ano volveu ir atrasándose.

O ano pasado tamén argumentaban que as asociacións non ían cobrar as subvencións, parece que as asociacións deben de ter unha gran influencia social para os argumentos do goberno. Resulta que o ano pasado tamén se ían perder esas subvencións e resulta

que esas subvencións ás asociacións que se aprobaron o ano pasado, aínda van tardar 2 ou 3 meses mínimo agora en cobralas, segundo informacións que el ten, e fala de cobrar as do ano pasado. Non sabe como poden argumentar que para que as asociacións funcionen teñen que aprobar o orzamento.

Di que hai que ser serios, que o equipo de goberno debería ter xa pagado as subvencións do ano pasado no seu momento, ou traer o proxecto de orzamentos a finais de ano, como é preceptivo, pero nunca se fixo así, e agora pretenden dicirlles que se non apoian isto sería un desastre para todos os veciños e veciñas de Cambre. Pois non, di que el entende que a estas alturas, e a dous meses e medio das eleccións, ten que ser a próxima corporación a que aprobe o orzamento, xa vai aprobalo nas mesmas datas que os anteriores anos. Que sexa esa próxima corporación a que tome as decisións que queira tomar, e que faga o que considere que deba facer co diñeiro do concello.

Falan do Plan Arume, da Casa da Cultura, de todas esas cuestións, pero di que se se atrasan un pouco máis do que se atrasaron, tampouco pasa nada, e que, ao mellor incluso a próxima corporación non quere facer a Casa da Cultura e quere gastar ese diñeiro noutras cousas que ao mellor son máis necesarias para os servizos dos veciños.

Di que é un tema que está aí e que baixo o seu punto de vista este orzamento debe aprobalo a próxima corporación. Polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o primeiro que resalta dos orzamentos presentados é que se o seu fondo é dubidoso en toda a súa extensión, non son menos dubidosas as formas e o procedemento de como chega a este pleno extraordinario un orzamento municipal que non contén nin toda a documentación legalmente esixible e que presenta un anexo de persoal que non foi negociado coa representación dos traballadores, o que en si mesmo constitúe a súa nulidade absoluta, apreciada en numerosas sentenzas xudiciais.

Di que, antes de continuar, o goberno municipal ten que aceptar que os seus orzamentos inician o seu proceso de aprobación con graves defectos de forma, dos que se derivan prexuízos aos cidadáns e dos que deben responder politicamente e probablemente en sede xudicial, xa que lles anuncia que formulará as correspondentes alegacións, ben en solitario ou ben con outros concelleiros que queiran sumarse a elas, e que, no seu caso, formulará os correspondentes recursos tanto en vía administrativa como xudicial.

Continúa dicindo que cando falou ao principio de dúbidas nas formas non se refería só a cuestións legais, fala de que os orzamentos municipais para o 2011 son un feito consumado no que non hai sitio para o consenso nin para o debate. Nunha situación de crise como na que viven, o sentido común chama a que todos os grupos políticos deste municipio busquen un consenso amplo sobre o modelo económico e modelo de xestión que se reflecta nos orzamentos, sobre todo tendo en conta que están a menos de 15 días da convocatoria de novas eleccións.

Di que non o fixeron e é un erro lexítimo dentro das súas competencias municipais, pero un erro ao fin e ao cabo, e iso porque viven nun momento en que é importante acertar no fondo, pero non menos importante acertar nas formas. Insiste na necesidade de deixar sobre a mesa este proxecto para que sexa o novo goberno municipal, xurdido das urnas e lexitimado por elas, quen elabore o novo orzamento, sen condicionantes e, mentres tanto, que continúe prorrogado o vixente, cuestión que non produce ningunha distorsión á vida municipal, como se ten demostrado nestes meses.

Pide que non lles conten que o propósito é licitar as obras do Arume e da Casa da Cultura, esas obras deberían estar licitadas dende hai polo menos dous anos, e no caso da Casa da Cultura dende hai xa décadas, e supón que a incapacidade de xestión non se vai resolver da noite á mañá.

Dille ao equipo de goberno que se deixe de desculpas ocas e que diga a verdade. Parece que algo turbio se esconde tras estas présas, algo escuro que os concelleiros da oposición non puideron valorar dado o escaso tempo e as nulas explicacións que sobre documento tan importante se lles teñen facilitado dende o equipo de goberno.

Non obstante, en caso de que continúen coa disparatada idea dende o punto de vista político, volve poñerse a disposición do goberno municipal para lograr consensuar un proxecto de administración local que tanto no económico como na xestión, se adapte á realidade do presente que viven en Cambre, e que acepte o reto de planificar o que queda de exercicio baixo criterios de eficacia e eficiencia, no que non hai sitio para a política de intereses dos que ostentan ilexítimamente o poder municipal, e si o haxa para a política que pensa en Cambre e nos cambreses.

Di que atravesan unha crise económica a nivel xeral, e política a nivel local, moi grave, e que perderon unha oportunidade preciosa para amosarse menos soberbios, prepotentes e sectarios, pero tamén é necesario dicir a verdade, e a verdade non existe nos orzamentos hoxe presentados. A verdade económica do Concello de Cambre é para botarse a chorar, se non fose porque non teñen tempo nin sequera para iso, o tempo se acaba e o goberno municipal non achega solucións, e ademais olvidan que son unhas eleccións municipais as que van marcar o paso futuro aos políticos de Cambre, poñendo a cada un no seu sitio, e o sitio de todo o equipo de goberno é marcharse ás súas casas, para non seguir danando a este pobo.

Pero fala de consenso, e di que non poden seguir valorando os orzamentos sen caer no xogo da ineficacia e ineficiencia da palabra que non ten o soporte da proposta e da alternativa. Por iso, quere deixar hoxe claras as liñas de traballo que deberían aceptar todos como un reto, coñecendo cara a onde queren ir, e aceptando que queren xuntos realizar ese camiño, só lles faltaría consensuar e decidir como o van a realizar.

Di que a Intervención municipal denunciou en numerosas ocasións, incluso publicamente a través dos medios, que existen numerosas irregularidades e ilegalidades que, non obstante, este proxecto de orzamento tampouco contribúe a solucionar. Deben

decidir se se adaptan aos ingresos certos de agora ou adaptan estes a unha realidade de gasto municipal superior.

No tema de ingresos a cuestión se presenta como un reto de preguntar aos cidadáns pola extensión e calidade dos servizos que queren que lles ofrezan o Concello de Cambre, é dicir, fomentar uns orzamentos participativos, proposta esta, por certo, que figuraba no programa político do grupo co que concorreu na súa calidade de independente ás eleccións, e que ademais ten sido reclamada en reiteradas ocasións por outros grupos da oposición, como EU-IU, e incluso o PP. Da resposta cidadá sairía onde debemos poñer o noso solo de ingresos e adaptar os impostos e as taxas a esa realidade.

En conclusión, di que teñen que determinar un teito de gastos e un solo para os ingresos, aceptar que non se pode gastar máis do que se ingresa, pero que non se pode ingresar menos do que o gasto lles esixe e, sobre todo, dille aos Srs. do desgobierno municipal que hai que esforzarse por cumprir con eficiencia, con eficacia, os mandatos orzamentarios que cada ano se dan a eles mesmos, executándoos na súa integridade e ao seu debido tempo, porque iso xera riqueza para todos, e os remanentes, os depósitos de diñeiro municipal nas contas bancarias, só xeran ingresos para uns poucos.

Continúa dicindo que, en resumo, estes orzamentos non son realistas, paralizan o progreso e futuro de Cambre, carecen de política de emprego e recurtan o gasto social e condicionan o labor e a política do próximo goberno. Di que vai votar en contra dos orzamentos municipais e iso porque, como dixo antes, parécelle inmoral aprobar uns orzamentos a tan pouco tempo dunhas eleccións que van a cambiar radicalmente o mapa político de Cambre, e no que espera que non estea ningún de todos os tráfugas que hoxe gobernan. Ela cre na capacidade dos cambreses para entender o tempo que viven, cre no consenso e nas solucións pactadas. Se non o fan así, o equipo de goberno saberá o que fai, ela ten que dicir que Cambre, os seus cidadáns, están en condicións, co seu voto, de superar a súa herdanza e elixir a quen lles represente no futuro con criterios de eficacia, eficiencia e transparencia, que parece que nunca tiveron sitio neste goberno municipal.

Termina deixando sobre a mesa para este deslexitimado goberno, ou mellor, para o que resulte das urnas, unha proposta, convocar unha Comisión Informativa Especial que teña como obxectivo un pacto municipal que terá como primeiro reto consensuar, con independencia da aprobación ou non inicial destes orzamentos, un teito de gastos e un solo de ingresos municipais que permitan deixar a un marxe á política de cada partido, pero que non deixen sitio á irresponsabilidade de quen dá as costas á realidade económica e contable que viven en Cambre. A prioridade fundamental dende un punto de vista progresista segue sendo, hoxe como onte, facer fronte á crise económica e, sobre todo, centrarse no desemprego e nas graves consecuencias que para moitos cidadáns cambreses ten esta situación.

Conclúe dicindo que eles deciden, pero non co seu voto.



Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro non adscrito, manifesta que quere comezar a súa intervención dicindo que cada vez se sente máis orgulloso de ter abandonado a disciplina do grupo municipal popular, porque hoxe non se sente condicionado polas súas decisións, hoxe unicamente está condicionado polos seus veciños e a defensa de todos os seus intereses.

Dito isto, e comezando a falar do asunto dos orzamentos, di que ten que comezar facendo crítica, como xa sucede todos os anos, respecto de que os orzamentos se presentan tarde, fóra de prazo, xa que como todos saben teñen que estar aprobados antes do peche do exercicio do ano 2010. Isto é froito dunha lenta xestión que amosa unha falta de interese en traballar polos veciños.

Tamén quere salientar de forma negativa a falta de diálogo por parte do equipo de goberno, co resto de grupos políticos, ou polo menos con el, xa que con el ninguén ten falado, na busca do consenso necesario para o debate e a aprobación dos orzamentos, o que amosa unha desidia e deixamento de funcións que en nada beneficia a xestión política do noso concello.

O que si quere lembrar tamén, é que nestes orzamentos si veñen reflectidos uns investimentos moi importantes para Cambre, como son as obras do Proxecto Arume, financiadas polo FEDER, o POS do 2011, e tamén a construción do novo local de Protección Civil, unha obra coa que se beneficia todo o Concello de Cambre, todos os veciños, cunha subvención moi importante da Deputación da Coruña, obras que, como todos saben, de non tramitarse en breve o seu comezo, corren un serio perigo de non poder ser levadas a cabo, coa conseguinte perda das axudas e financiamento, de ahí que lle sorprenda a tardanza por parte do equipo de goberno na presentación dos orzamentos.

El cre que a todos estes investimentos hai que aplicarles un sentido de responsabilidade e de preocupación, por se se poden chegar a perder para este concello, o que suporía unha situación nada desexable. Considera que é un grave erro votar en contra, aínda que non sexan os mellores orzamentos posibles, seguro que son mellorables, e xa se dixo aquí que son uns orzamentos continuístas, así é. Saben que non se van poder executar integramente polo equipo de goberno municipal actual, o saben, pero non por iso teñen que paralizar a xestión municipal, non por iso van prexudicar aos veciños. O propio goberno terá que facer un esforzo importante para suplir as carencias que poidan ter.

Dito isto, di que cre que non poden endebedar máis o concello, non poden endebedar máis aos veciños, e sobre todo non poden renunciar a obras e investimentos, e o que non poden facer tampouco é paralizar a administración local. É por isto que o seu voto, con todo o sentido da responsabilidade, vai ser un voto favorable.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro non adscrito, manifesta que, escoitando os discursos, as intervencións que se fixeron aquí, por un momento entráronlle dúbidas de se o documento orzamentario que lle pasou o

concelleiro de Facenda, coa sinatura da interventora municipal, era o mesmo do que están debatendo hoxe, porque queda realmente alucinado. No caso de que sexa o mesmo documento, di que é a demostración de que nin se leu, nin se miraron as cifras, nin se leron os informes, porque os informes o que din, en canto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria, do endebedamento, do control do déficit, e todo o contrario do que aquí levan escoitado.

Di que claro que son continuístas, porque ese era o compromiso, e porque precisamente un goberno que remata un traballo, que será unha nova corporación a que terá que acabar de xestionar, ten a oportunidade de facer un proxecto de orzamentos completamente distinto, unha orientación do gasto completamente distinta, se así de maneira democrática e soberana o decide.

Son continuístas porque precisamente o que se fai é recurtar en todo o posible o gasto corrente, para reducir o déficit, e as cifras están aí, por debaixo do límite legal que lles impón o goberno do Estado no control do déficit. Non se aumenta a débeda, terían aínda posibilidade de endebedar ao concello en 9 millóns de euros máis. Di que xa lle gustaría ao 90 % dos concellos de Galicia manter unha situación económica-financeira como a que ten Cambre, evidentemente non é a mellor situación de todas, porque a crise lles afecta a todos, aínda que supón que para algúns a culpa da crise tamén será do Sr. alcalde e do seu equipo de goberno.

Di que os discursos, as diferentes intervencións que escoitou, a el o que lle traen á cabeza é o do pensamento único, porque con pequenos matices o discurso é exactamente o mesmo. Difícil o van a ter os veciños e veciñas de Cambre, en moi pouco tempo, cando teñan que escoller, cando teñan que diferenciar sobre cal é a opción política que teñen que votar nas próximas eleccións, porque o discurso é exactamente o mesmo, e el agradecería, ademais, unha cousa, aquilo que dicían os italianos, aquilo de "*Piove, porco Governo*", e nada máis, aquí o único interese que hai é bloquear a calquera prezo, sen razoamento de ningún tipo, sen argumentación de ningún tipo, este orzamento.

Respecto da negociación e interlocución cos grupos municipais di que, efectivamente, non se produciu unha negociación cos grupos municipais, pero porque o que contén o documento dos orzamentos son as recomendacións legais, axústase aos topes e aos límites que marca a lexislación, e as únicas novidades que incorpora son decisións que xa ten adoptado o pleno desta corporación nos últimos meses. É o único que incorpora, para poder cumprir os prazos, o convenio coa Deputación Provincial para a construción da sede de Protección Civil, o POS do 2011 aprobado polo pleno municipal en novembro do ano pasado, a modificación de prazos e de asignación de fondos do Proxecto Arume aprobada, en segunda volta, pola corporación a finais do mes de xaneiro, iso é o que incorpora, non incorpora ningunha outra cousa, máis os compromisos anteriores adquiridos.

Alguén se preguntaba por aí, o dixeron varios, sobre que escuros intereses, ou que había no fondo da présa por aprobalos, présa que non é tal, porque tiñan que estar aprobados en decembro, e están en marzo. O motivo é que se acaban os prazos para a execución do Proxecto Arume, acábanse os prazos e é imprescindible que teñan a consignación orzamentaria para poder cumprir con eses prazos, de licitación de proxectos, de licitación de obras, de tramitacións de permisos, e para que o próximo goberno municipal se encontre nunha situación cómoda, con esas tramitacións iniciadas, e sen perigo de perder o financiamento. Di que, se queren, poden coller vacacións todos. Engade que alguén falou por aí dun goberno ilexítimo, nun longo, longuíssimo discurso escrito, que non sabe moi ben a que viña, porque cre que o obxecto do debate non era ese, e el dille que este é un goberno absolutamente lexítimo ata que cese nas súas funcións, é tan lexítimo este goberno como a oposición, polo menos.

El cre que hai unha certa obsesión, cando o certo é que ninguén do goberno municipal, e dendo logo as súas cabezas visibles, comezando polo alcalde, ten interese electoral ningún, mentres que do outro lado si o hai. O que eles queren é deixar o traballo ben feito, deixar, xa o ten dito en máis dunha ocasión, os instrumentos listos e a maquinaria funcionando para que o novo goberno non se atope con todo paralizado. Agora ben, pode haber quen prefira que isto se paralice, que se perdan un montón de millóns, como explicou o concelleiro de Facenda, pero alguén lle terá que explicar aos cidadáns deste concello se iso obedece aos intereses da maioría da poboación ou obedece a intereses sectarios e partidistas dos representantes políticos que están aquí sentados. Iso van telo que explicar moi ben as forzas políticas que logo concorren a unhas eleccións, e que din que van a conseguir o déficit 0, e que van reducir non sabe cantos gastos, e que ao mesmo tempo, e sen enroxecer, din que van crear non sabe que brigada, con non sabe canto persoal, para dirixir o tráfico, porque a policía municipal se ten que dedicar a outras cousas. Tamén se promete o saneamento en Sta. M<sup>a</sup> de Vigo, en Andeiro, e non sabe onde máis, pero todo con déficit 0. Supón que será subvencionado por alguén, porque senón, el non o entende.

Di que a el lle gustaría saber como se consegue o déficit 0, como se consegue reducir todo, e pregunta onde están os gastos superfluos neste orzamento. Os ingresos nalgún caso, como apunta moi ben a Intervención municipal, teñen un pronóstico dubidoso de acadar, é certo, pero pídelles que se fixen na evolución dos orzamentos de ingresos dos últimos anos, que miren os informes de Intervención, non só dos últimos dous, tres ou catro anos, senón dunha etapa moito máis longa, e verán como esas apostilas por parte de quen ocupa a Intervención municipal, fanse de maneira sistemática. Por iso, e porque os diferentes gobernos, algúns nos que estiveron el e os seus compañeiros, pero outros tamén, fixeron caso desas recomendacións, é por iso que van vendo como a curva, ou como a liña de previsión de ingresos, de determinados ingresos de dubidosa obtención, foi baixando en todos eses anos. Hai moi pouco debateron a Conta Xeral, que foi tamén rexeitada pola maioría dos grupos da oposición, e viron como a execución orzamentaria estaba precisamente facendo caso ás recomendacións técnicas e profesionais. Tamén o van ver cando estea definitivamente pechado o exercicio 2010, en canto ao nivel de

execución, ao nivel de endebemento, a todos os niveis e parámetros que son os que serven para valorar un documento orzamentario.

Di que é diso do que están falando, non de intereses partidistas de dentro de dous meses, do que están falando é de que no mes de xuño teñen que estar contratadas as obras do POS 2011, aprobadas por este pleno en novembro de 2010, do que están falando é de que en xuño teñen que estar acabadas algunhas das obras do Plan Arume e en decembro de 2011 teñen que estar acabadas outras das obras dese plan, e non se pode iniciar a súa contratación, nin nada, se os orzamentos municipais non entran en vigor.

Antes comentouse tamén, que un voceiro municipal, el mesmo, na comisión informativa de onte, dixo que aínda non había comunicación formal. Efectivamente, non chegou aínda a certificación do Ministerio coa aceptación e aprobación dos prazos do Plan Arume, que este pleno lle enviou en xaneiro, pero teñen a confirmación extraoficial, e dixo tamén que na aplicación informática pola que funciona o Programa Arume, xa está recollida a reprogramación. Iso non é ningunha mentira, iso é a previsión, non poden agardar a que lles chegue todo para logo iniciar o procedemento de aprobación de orzamentos, hai que ir facendo paralelamente todo para que no momento en que estean o 100% dos requisitos cumpridos, poidan iniciar o traballo que están facendo aquí, e para o que os veciños e veciñas de Cambre os puxeron.

Di que xa o dixo antes o concelleiro de Facenda, non só son convenios, agora resulta que a présa que outras veces manifestaron algúns no pleno coas subvencións, coas entidades, agora xa non existe. Parécelle moi ben, pero que llo expliquen ás entidades, porque os convenios polos cales se fan as transferencias para actividades tan importantes como son as actividades extraescolares que se fan no concello, para que siga funcionando a escola de música, para o fútbol, para o baloncesto, para o club ciclista, etc., dependen dos orzamentos municipais. Ou sexa, todo o que levan reclamando de maneira reiterada, pleno tras pleno, imputando á ineficacia dun goberno municipal, resulta que agora non corre présa, agora é mellor deixalo para agosto. Pois que o fagan, que decidan co seu voto e que llo expliquen ás entidades, aos empresarios do polígono de Cela, aos empresarios do polígono de Espírito Santo. Que lle expliquen a todos, que non pasa nada, que seguro que van comprender perfectamente as razóns dese discurso único que ten toda a oposición no seu conxunto, ou case toda.

Continúa dicindo que hai un tema que lle gustaría precisar. A el parécenlle moi ben as opinións de todo o mundo, incluso considera lóxico que todo o mundo queira facer leña de determinados madeiros, non sabe se caídos ou ergueitos, pero o que non lle parece ben é a falta de coherencia, ou as diferentes varas de medir. Parécelle ben que alguén diga que el e os seus tres compañeiros non teñen a lexitimidade por facer o mesmo que estaban facendo antes, aínda que non cambiaron absolutamente nada a situación política deste concello, pero que o digan sen enroxecer e sen pestanexar, cando están xuntando os seus votos a unha concelleira que está bloqueando sistematicamente a acción de goberno, que marchou e intenta co seu voto modificar a correlación de forzas que outorgaron as urnas neste concello, iso parécelle escandaloso.

Di que estes catro concelleiros, dos que el xa non é voceiro, pero cre que van coincidir con el nisto, están cumprindo exactamente os compromisos cos que chegaron a esta corporación, e os compromisos polos que asinaron un pacto de goberno e polo que estiveron traballando, non modificaron nada, nin cambiaron nin puxeron alcalde, nin impediron que un goberno funcionara ou deixara de funcionar, están facendo o que se comprometeron, outros non, e non teñen ningún rubor en apoiarse nalgún voto que se escapa precisamente do compromiso que adquire ao entrar nesta corporación, para bloquear a acción de goberno, e iso si que é transfuguismo, o outro non. Pide que non se confunda ser concelleiro non adscrito co transfuguismo e, se o confunden, polo menos que repartan a todos por igual, porque ademais de non ser xusto iso é unha mentira. El cre que este é o orzamento que había que traer, o xusto, o mínimo para que as cousas poidan funcionar, aló cada quen coa súa responsabilidade, a responsabilidade do goberno é elaboralo e presentalo.

Segue explicando que cre que vai ser no próximo pleno ordinario cando van traer unha proposta para que, se así o estiman oportuno, o Concello de Cambre solicite incluír o financiamento da cantidade da Casa da Cultura que lle queda para asumir ao concello, dentro do novo proxecto de subvencións do FEDER, o que era o Arume, que non sabe se agora se chamará así, ou doutra maneira. Con isto poden garantir unha cousa importante, porque, efectivamente é certo que nestes orzamentos hai un investimento importante, o da Casa da Cultura, que hipoteca e condiciona investimentos futuros, é certo, pero na nova subvención hai en xogo un millón e medio de euros, e se teñen un bo nivel de execución no Proxecto Arume é moi probable que o Estado a volva a conceder, o que garantiría a continuidade do financiamento do proxecto da Casa da Cultura, polo que os fondos municipais quedarían libres para outras cousas. Iso van a traelo, acaba de comezar o prazo de solicitudes, remata cre que a primeiros do mes de abril, e estarían en tempo no pleno ordinario.

Conclúe dicindo que o van traer aínda que non o vai xestionar, dende logo, ningún dos que están actualmente no goberno municipal, pero que sería unha nova ferramenta de financiamento, de transferencias de diñeiro externo doutras administracións, para completar investimentos absolutamente necesarios en Cambre. Esa é a razón pola que presentaron os orzamentos e, naturalmente, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que antes dixo que a intervención do Sr. concelleiro de Facenda fóra moi pobre, e que supoñía que daría algunha explicación máis, pero a verdade é que tampouco ten moitas máis que dar.

Di que non vai perder o tempo en responder ao Sr. Iglesias, porque non se trata de que estea no BNG ou non o estea, ese asunto non lle importa á maioría dos veciños, o que importa é a forma en que fan política e como fan as cousas. Vailles lembrar soamente que hai dous plenos, no penúltimo pleno, o PP presentou unha moción, e nese momento o Sr. alcalde, que ten un talante democrático moi superior ao do Sr. Iglesias, ausentouse. O primeiro tenente sentouse no seu sitio, púxose a capa de superalcalde, e impediu a

quenda de palabra do grupo popular. Dille ao Sr. Iglesias que goza con esas cousas, co autoritarismo, ten unha forma de actuar ditatorial, polo tanto, non merece moitos máis comentarios. Cando se fala de que non teñen lexitimidade para gobernar, é porque o Sr. concelleiro non a ten pola súa forma de proceder. Dille que hoxe está facendo de concelleiro de Facenda.

En todo caso, como dixó, pensa que o Sr. concelleiro non se merece moita dedicación, pero os orzamentos tampouco, porque é volver a falar do mesmo, pero o mesmo que o ano pasado, o mesmo de hai dous anos, e o mesmo de hai tres anos, é volver a falar do mesmo. Pídelle que non teñan a cara tan dura de dicir que queren deixar o traballo feito para a próxima corporación, o traballo que teñen que facer é o seu, o que tiñan que ter feito en anos anteriores, non deixar para agosto os orzamentos. Di que o PP non lles está reprochando que se aproben tarde ou cedo, o que lles reprocha é que agora que non van gobernar máis, lles entre présa por facelo en marzo, cando habitualmente o fan en xullo ou agosto, iso é o que lles reprocha, e pídelle que non confunda á opinión.

Conclúe a súa intervención don Nicolás José Cubeiro Martínez comunicando ao Sr. alcalde que ten agora, ás 14:00 horas, un asunto oficial, polo que lle resulta imposible continuar presente, e que o seu voto, ao igual que o do seu grupo vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que se falou aquí de discursos, de pensamentos únicos, de que os discursos son practicamente iguais nos grupos da oposición aquí representados, e el sinceramente pensa que o discurso do Sr. concelleiro non adscrito, tampouco cambiou demasiado do que é habitual na súa persoa. Fixo un discurso que ás veces parece empregar un ton, dalgunha maneira, case ameazante, porque parece que fala sempre como se fose o único que ten a posesión da verdade.

Di que falou de intereses partidistas, e nada máis lonxe do grupo de EU-IU. Claro que teñen intereses partidistas, porque eles de momento teñen partido, e teñen intereses partidistas, pero nestes momentos están votando co corazón e coa cabeza, pensando nos intereses dos veciños e veciñas de Cambre, e quere que iso quede moi claro, despois cada un pode facer o que queira, cada un é moi libre, e saben, xa o dixó máis veces, da facilidade do Sr. concelleiro non adscrito para facer discurso segundo lle veña en gana, niso é moi libre. Pero quere deixar moi claro que el a palabra tráfuga, referida a os exconcelleiros do BNG, nunca a mencionou, e podía telo feito, pero polo respecto que lle merecen as persoas non a mencionou, que lle quede moi claro iso, e cando faga ese discurso, pídelle que se dirixa concretamente a quen o di.

En relación cos orzamentos pídelle que deixen que sexa a próxima corporación a que defina as políticas que queira aplicar e os investimentos que queira facer para Cambre no próximo ano e, en consecuencia, o voto do seu grupo vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el pensa que aquí viñeron para falar dos orzamentos, non para falar dalgunhas das cousas das que falou o

Sr. Iglesias, porque el non sabe quen é o que vai prometer redes de saneamento en Sta. M<sup>a</sup> de Vigo ou Andeiro, e tampouco sabe a que vén falar diso neste pleno sobre os orzamentos, porque nestes orzamentos iso non vén, oxalá viñera, pero non vén.

Di que o Sr. concelleiro tamén dixo que están satisfeitos dun traballo ben feito, e se o traballo está tan ben feito, non sabe para quen, supón que para o equipo de goberno debe estar, el tamén quere lembrar ao Sr. Iglesias que precisamente en Andeiro, en Gosende, na parroquia de Anceis en Mercurín, o saneamento poñíao a Xunta gratis hai aproximadamente catro anos, e non se puxo porque o traballo ben feito ese, do que presume, non o fixo o goberno municipal, e consistía unicamente en xestionar os pasos das instalacións, e non lle custaba nada ao concello.

Di que o Sr. Iglesias fala dese traballo ben feito, fala de cousas, pero os demais tamén poden contestar, e o discurso único é o que ten o goberno municipal ano tras ano para xustificar a aprobación do orzamento, falan das asociacións, das subvencións, cambian un par de palabras e nada máis, polo demais é o discurso único de sempre. Ese é o do equipo de goberno, e a oposición terá o seu, cre que é tan lexítimo como dixo antes o Sr. Iglesias que eran eles, cando dixo que eran tan lexítimos como os grupos da oposición. A oposición ten a lexitimidade para opinar o que lles parece, e se coinciden, benvido sexa, porque oxalá coincidiran co equipo de goberno tamén, e puideran sacar os orzamentos dunha maneira, polo menos, máis decorosa.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín manifesta que lle quere dicir ao Sr. Iglesias que o primeiro que mencionou aquí a palabra tráfuga foi el, cando se quixo tratar unha moción do PP e o concelleiro foi o primeiro en mencionar esa palabra. Di que tampouco foi ela, foi o seu ex-partido, o BNG, o que dixo que aos catro concelleiros se lles consideraba tráfugas, cousa que o partido co que ela concorreu ás eleccións nunca fixo con ela, porque ela entrou como independente e segue a ser independente, cousa que o Sr. Iglesias non. Volve repetirle que a palabra tráfuga non a dixo ela, foi o ex-partido do Sr. concelleiro.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que van pasar á votación dos orzamentos, pero que antes el si quere matizar que si teñen responsabilidade, cada un pode entendela como queira, pero eles teñen responsabilidade e obrigacións co pobo de Cambre, sobre todo polo cargo que el representa. Di que estarán ou non de acordo, pero que si teñen responsabilidade, non teñen nada escuro, aí están os expedientes, os libros, e o que teña valor que vaia, o vexa, e que denuncie, non se trata de falar por falar.

Di que teñen a obrigación todos, goberno e oposición, de traer o máximo que se poida para Cambre, todos se deben ao pobo de Cambre, a el moléstalle e dóelle cando algúns compañeiros van a institucións e din que como en Cambre goberna o PSOE, que non lle dean nada, que xa o darán cando gobernen eles. Iso é lamentable, a súa obriga é que, por todos os grupos, se faga e se traia todo o que se poida para Cambre. Di que teñan moito ou pouco, o que teñen está aí, e, dende logo, van intentar que non se perda.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e don José Antonio Baamonde López, votan en contra cinco concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, e abstense a concelleira do PP dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2011, que ascende a un importe de 16.678.230,55 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	<u>TOTAL</u>
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	4.951.552,23	1 GASTOS DE PERSOAL	5.607.925,57
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	400.000,00	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.165.552,60
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.776.493,08	3 GASTOS FINANCEIROS	182.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.934.021,08	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	944.657,77
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	105.427,23		
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>14.167.493,62</b>	<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>12.900.288,85</b>
<b>OPERACIÓN DE CAPITAL</b>		<b>OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
6 ALLEAMEN.INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	3.239.996,03
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.013.491,26	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	40.700,00
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	487.028,45	9 PASIVOS FINANCEIROS	487.028,45
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>2.510.736,93</b>	<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>3.777.941,70</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>16.678.230,55</b>	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>16.678.230,55</b>

Segundo: Aprobar as bases de execución do Orzamento para 2011.

Terceiro: Anular as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento:

1.- Expediente de transferencia de crédito número 1/2011. Importe: 325,21 euros. Motivo: Habilitar crédito suficiente para o desenvolvemento do Plan de prevención de absentismo escolar no Concello de Cambre.

Cuarto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do concello, para efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o pleno, que consideren oportunas.



No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do concello para o 2011.

Cando son as 13:50 horas, auséntanse do salón de sesións don Nicolás José Cubeiro Martínez e dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas, concelleiros do PP.

## **2º Proposta de aprobación do Cadro de persoal**

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da unidade de Réxime Interior, co visto e prace do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 22 de febreiro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior de data 3 de marzo de 2011.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta o voto en contra do seu grupo, xa que non se experimenta nada novo na clasificación de postos de traballo, e cre que debería ter algún contido, en relación co seguinte punto da orde do día, relativo á RPT.

Pensa que se debería ter feito un esforzo máis grande por parte do concello, xa que cre que había vontade por parte da Xunta de persoal e representantes dos traballadores para chegar a acordos. Como non ven ningún tipo de modificación, é polo que van votar en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, votan en contra os catro concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, e abstense o concelleiro non adscrito don José Antonio Baamonde López.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Aprobar o cadro de persoal para 2011 segundo se transcribe a continuación:

### **PERSOAL FUNCIONARIO 2011**

<b>Denominación da praza</b>	<b>Prazas</b>	<b>Grupo-Subgrupo</b>	<b>Escala</b>	<b>Subescala</b>	<b>Clase</b>
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación nacional	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores

Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración Xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financeira	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de servizos	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Oficial policía local	3	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Agente protección civil	4	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Conserxes	16	Outra agrupación profesional	Administración Xeral	Subalterna	

## PERSOAL LABORAL 2011

Denominación da praza	Prazas	Titulación categoría profesional
Axente de desenvolvemento local	2	Titulado superior
Técnico en promoción económica	1	Titulado superior
Traballadora Social	3	Titulado medio
Coordinador deportivo	1	Bachiller superior ou equivalente
Administrador sistema informático	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grado ou equivalente
Informático auxiliar	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grado ou equivalente
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente
Auxiliar monitora 3ª idade	1	Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente
Capataz de brigada de obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Oficial obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Conductor	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario conductor	2	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario-servizos	3	Certificado de escolaridade ou equivalente
Asistentas domiciliarias	2	Certificado de escolaridade ou equivalente

## PERSOAL EVENTUAL 2011

Denominación posto de traballo	Número de prazas
Asesor/a	2
<b>RESUMO</b>	
<b>Persoal funcionario</b>	108
<b>Persoal laboral</b>	26
<b>Persoal eventual</b>	2

### **3º Proposta de aprobación da Relación de postos de traballo**

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da unidade de Réxime Interior, co visto e prace do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 22 de febreiro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior de data 3 de marzo de 2011.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, igual que no punto anterior, cre que este documento é básico para a configuración e para a organización laboral dos traballadores do concello, tanto fixos como temporais, como contratados.

Como xa dixo anteriormente, eles non observan unha negociación fluída que chegara e se concretara en acordos entre os representantes dos traballadores e o goberno. Non se avanzou nada nesta negociación colectiva, e así se desprende da acta que onte leu a Sra.

secretaría municipal, unha acta que eles como grupo político da corporación deberían ter e non se lles facilitou, cando é preceptivo neste punto que contén con ese tipo de información, e non a teñen. Onte tiveron que preguntar se había algún informe ou acta e foi cando lles leron esa acta, e as conclusións que sacaron foi que parece ser que só houbo unha intención, no goberno, de negociar, e fala de intención porque é preceptivo ese tipo de negociación para traer ese documento a pleno.

Di que cre que esa negociación é necesaria por moitísimas razóns, unha para reestruturar o persoal do concello, que cada un estea no seu sitio, e para non consentir ningún tipo de discriminación das que xa se teñen manifestado con anterioridade, incluso por algúns traballadores ou traballadoras do concello, que manifestan que non se lles estaban pagando os complementos específicos e de destino que elas consideraban que realmente lles correspondían.

Pero tamén hai outras cuestións importantes, como é evitar que nalgúns contratos temporais, nalgúns casos, non haxa unha definición final. Iso tivo consecuencias para o concello e para os propios veciños de Cambre, unhas consecuencias económicas para as arcas municipais, por ter que facer, nalgúns casos, importantes indemnizacións por despidos improcedentes. Disto non se fala absolutamente nada, e todos saben que neste concello hai que despedir a xente porque está mal situada no posto de traballo para o que foi contratada e, por conseguinte, hai que indemnizalos, cando eses cartos poderíanse ter empregado noutras cousas.

Conclúe dicindo que para o seu grupo existiu unha falta de diálogo, iso foi o que sacaron en conclusión da acta que lles leron. Non se respectaron acordos nin promesas anteriores, o que crea un malestar entre o cadro de persoal deste concello, por iso van votar en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, votan en contra os catro concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, e abstense o concelleiro non adscrito don José Antonio Baamonde López.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Aprobar a relación de postos de traballo para o ano 2011 segundo se transcribe a continuación:

Denominación do posto	Dot.	C.D.	C. Especifico	T.P.	F.P.	A.	SUBG	Escala	Subescala	Clase	Pers. Laboral	T.A.	Formación Especifica	Observacións
<b>SECRETARÍA XERAL</b>														
Secretaría xeral	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Secretario	Superior	NO	L		1 D.D.H.
Técnico de xestión de administración xeral	2	24	10.395,13	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.		
Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		

Auxiliar administrativo	8	18	4.312,64	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Conserxe notificador	1	14	4.985,65	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
	13													
<b>INTERVENCION</b>														
Interventor	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Interv/Tesoureria	Superior	NO	L	2	D.D.H.
Téc.de xestión orzamentaria gasto e contabilidade	1	24	10.395,13	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	L/D	3,11	
Téc.de xestión orzamentaria de Ing. E control F.	1	24	10.395,13	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios/S	NO	D.	3,11	
Administrativo	1	22	4.822,42	N	C1		C	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	2	18	4.312,64	N	C2	A3	D	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
	6													
<b>TESOURERIA</b>														
Tesoureiro	1	28	16.640,79	S	C		A1	H.E.	Interv/Tesoureria	Superior	NO	L	2	
Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
	2													
<b>URBANISMO E RÉXIME INTERIOR</b>														
Xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior	1	30	22.024,50	S	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	D.D.H.
Xefe de sección de planeamiento e xestión	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	4	D.D.H.
Xefe de sección de servizos	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	5	D.D.H.
Aparellador	1	26	14.731,38	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	8	D.D.H.
Enxeñeiro técnico industrial	1	26	14.731,38	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	9	D.D.H.
Enxeñeiro técnico en obras públicas	1	24	10.354,58	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	22	D.D.H.
Xefe de unidade de réxime interior	1	26	14.731,78	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	14	D.D.H.
Técnico de Administración Xeral	1	25	14.663,74	N	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	
Administrador sistema informático	1	22	5.762,47	N	C		C1				SI	FPII	17	D.D.H.,
Encargado de obras	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	B*		
Encargado de servizos	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	B*		
Delineante	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FPII	16	D.D.H.
Administrativo	3	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	7	18	4.312,64	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar réxime interior	1	18	4.312,64	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	G*		
Informático auxiliar	1	16	4.929,51	N	C		C2				SI	CS	23	
Capataz de Brigada de Obras	1	14	13.947,44	N	C		A.P.				SI	C		D.D.H.
Conserxe telefonista	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
Oficial de obras	1	14	4.117,77	N	C		A.P.				SI	C		
Operario condutor	2	14	3.644,63	N	C		A.P.				SI	C	19	
Operario servizos múltiples	3	12	3.488,13	N	C		A.P.				SI	C		
	33													
<b>POLICÍA LOCAL</b>														
Inspector policía local	1	22	13.851,24	S	C		A2	A.E.	Serv.Especiales	Policía Local	NO	D.		D.D.H.
Oficial policía local	3	18	13.244,27	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Policía local	21	16	12.763,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Coordinador de Protección Civil	1	16	12.736,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Axente protección civil	4	14	6.443,50	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	G*		D.D.H.
	31													
<b>SERVIZOS SOCIAIS</b>														
Coordinador servizos sociais	1	26	12.189,52	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	L	7	D.D.H.
Educador social	2	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12	D.D.H.
Traballadora social	3	24	5.602,91	S	C		A2				SI	D.	15	
Auxiliar administrativo	2	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar monitora da 3ª idade	1	18	3.645,90	N	C		C2				SI	G*		
Traballadora familiar	2	12	2.627,52	N	C		A.P.				SI	C		
	11													
<b>CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTES</b>														
Coordinador de actividades culturais e educativas	1	26	12.189,52	S	C		A1/A2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	L		D.D.H.
Bibliotecaria arquivista	1	25	15.654,65	S	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Superior/Media	NO	L/D	6	D.D.H.
Dinamizador cultural	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	D.		D.D.H.
Coordinador deportivo	1	22	6.547,10	N	C		C1				SI	B*	18	D.D.H.
Animador xuvenil	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	B*		D.D.H.
Animador deportivo	2	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	4	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar de turismo	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	G*		D.D.H.
Auxiliar de biblioteca-arquivo	6	18	3.465,90	N	C		C2				SI	G*		
Informador xuvenil	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiales	Comet.Especiales	NO	G*	21	D.D.H.
Conserxe instalacións deportivas	8	14	7.102,81	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		J.N.

Conserxe de colexios públicos	3	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		SI	C		
	31													
<b>EMPREGO</b>														
Responsable Axencia de Desenvolvemento Local	1	26	12.434,97	S	C		A1				SI	L		D.D.H.
Axente desenvolvemento local	1	25	9.005,54	N	C		A1				SI	L	3,7,10,11	D.D.H.
Técnico en promoción económica	1	25	9.005,54	N	C		A1				SI	L	3,10,11	D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Conserxe	1	14	3.549,89	N	C		AP	A.G.	Subalterno		SI	C		
	5													
<b>ALCALDIA</b>														
Auxiliar de Alcaldía	1	18	10.656,04	N	C		C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		D.D.H.
Asesor/a	2	25	7.096,48	E	I		A2					LD		
Condutor de Alcaldía	1	14	12.788,09	N	C		A.P.				SI	C	19	D.D.H.
	4													
	136													

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia